



Transferencias de Crédito 24-T/18
Expte. Cividas: 2018022628
TC – 24T/2018

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 27 de agosto, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polo Concelleiro delegado do Servizo de Extinción de Incendios, mediante providencia asinada o 12 de xullo, visto o informe favorable de fiscalización emitido pola Intervención Xeral en data 17 de setembro de 2018, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 24-T/2018, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións encadradas na mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N240.1360.21900	Reparación, mant. e conserv. outro inm. Ext. Incendios	10.000,00 €
Total Transf. Positivas:		10.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.1360.12100	Complemento de destino Extinción Incendios	10.000,00 €
Total Transf. Negativas:		10.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:XM1N4COPHIO2K853

